



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL, DUN POSTO DE OFICIAL 1ª DE SERVIZOS VARIOS ADSCRITO A SERVIZOS PRIORITARIOS OU ESENCIAIS DO CONCELLO DE ORDES (EXP. 2018/E001/000001)

2º EXERCICIO. Proba práctica

En Ordes, a 26 de decembro de 2018, sendo as doce horas reúnese na nave do Concello no parque empresarial de Merelle o Tribunal que ha de vulgar a **SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL, DUN POSTO DE OFICIAL 1ª DE SERVIZOS VARIOS**, convocada por resolución de alcaldía de data 7 de setembro de 2018.

Asiste o Sr. Presidente Jesús Carreira Salvadores (Tesoureiro municipal) e os vogais Srs.:

- María José Nartallo Pernas, Secretaria-Interventora do Concello de Trazo.
- Ramiro Rama Figueira, capataz da brigada municipal de obras.
- Yolanda Castro Mosquera, funcionaria escala administración xeral, subescala administrativa.

Actúa como Secretario do Tribunal, Pilar Rey Rodís, funcionaria do Concello de Ordes.

Pola Presidencia declárase constituído o Tribunal, procedéndose seguidamente á celebración do 2º exercicio, de carácter obrigatorio e eliminatorio para todos/as os/as aspirantes, consistente na realización dunha proba práctica proposta polo Tribunal e directamente relacionada coas funcións para desempeñar e co temario contido no anexo II .

A proba práctica proposta polo Tribunal vai a consistir na realización dos exercicios seguintes:

1. Traballos de limpeza de maleza con desbrozadora.
2. Manexo de plataforma elevadora para a poda dunha árbore.
3. Execución de actuacións para a eliminación dun nifo de avésa velutina.

Polo tribunal procédese ao chamamento dos aspirantes, dando comezo polo opositor cuxo primeiro apelido comeza pola letra "G", actuación determinada polo sorteo anual realizado pola Administración da Xunta de Galicia (DOG nº 19, do 26 de xaneiro de 2018), concorrendo ao proceso selectivo :

ASPIRANTE	DNI / NIE
García Busto, Roberto	7*8*5*0*H
Gil Rosende, Juan	4*8*5*4*Q
Botana Villaverde, Juan Antonio	4*9*7*4*P

(*) Disposición adicional sétima Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro.

Polos aspirantes procédese ao desenvolvemento do proceso selectivo por un período máximo de 15 minutos en cada un dos exercicios que compoñen a proba práctica.

Rematado o exercicio polo Tribunal procédese á súa valoración, puntuándose de 0 a 10 puntos debendo obterse un mínimo de 5 puntos para ser considerado apto/a.

Neste exercicio valorarase de xeito especial a pericia propia das funcións a realizar, a calidade do traballo realizado e a celeridade na súa execución.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

ASPIRANTE	DNI / NIE	Puntuación 1	Puntuación 2	Puntuación 3	TOTAL (*)
Botana Villaverde, Juan Antonio	4*9*7*4*P	9,00	9,00	9,00	9,00
García Busto, Roberto	7*8*5*0*H	7,80	7,80	8,00	7,87
Gil Rosende, Juan	4*8*5*4*Q	7,8	0,00	0,00	2,60

(*) Media dos tres exercicios que compoñen a proba práctica

Superan o segundo exercicio os aspirantes seguintes:

ASPIRANTE	DNI / NIE
Botana Villaverde, Juan Antonio	4*9*7*4*P
García Busto, Roberto	7*8*5*0*H

O Tribunal acorda que se publiquen os resultados coas puntuacións asignadas a cada aspirante no Taboleiro de Anuncios do Concello e web municipal, concedéndose tres días hábiles durante o cal os aspirantes poderán presentar as alegacións que estimen pertinentes en relación coa puntuación outorgada.

O Tribunal acorda convocar ao aspirante Roberto García Busto para a realización do 3ª Exercicio, proba de galego, o día 14 de xaneiro de 2019, ás 10:00 horas, na sala de Xuntas da Casa Consistorial, 3º andar.

RECURSOS:

- Contra o acordo do Tribunal de Selección en caso de non presentarse reclamacións poderá interpoñerse ante o Sr. Alcalde-Presidente o recurso de alzada previsto nos arts. 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, no prazo dun mes contado desde o día seguinte a aquel en que remate o prazo de presentación de reclamacións.

E non sendo outro o obxecto desta reunión dáse por terminado o acto, dispoñendo o Presidente que se redacte a presente acta que subscriben os membros do Tribunal. Sendo as trece horas e quince minutos do día ao principio sinalado, de todo o cal certifico.

O Presidente

Jesús Carreira Salvadores



A Secretaria

Pilar Rey Rodís